En este lugar carne somos. Espiritualidad, liberación y las historias que conforman nuestra vida

Cole Arthur Riley. Editorial Espacio Ronda. Madrid, 2025

Cole Arthur Riley é unha autora afroamericana que escribiu este libro en plena pandemia como reivindicación e proposta dunha espiritualidade máis aló da brancura e o intelectualismo. É o primeiro libro traducido ao castelán do que podemos chamar unha «espiritualidade antirracista». Nel a autora lémbranos que non é abondo non ser racista, mais a importancia de ser e promover conscientemente o antirracismo, o cal é aplicable tamén á espiritualidade.

Ten como punto de partida o recoñecemento do dano que supuxo na historia da humanidade que o ser máis sacro, que denominamos Deus, semellase a quen durante séculos someteu outros seres humanos á escravitude, e que é unha razón de xustiza «tirar a brancura» do rostro de Deus. Para iso non é suficiente con crear novas imaxes, senón que a proposta da autora é perseverar e seguir observando e nomeando todas as maneiras en que esa forza escureceu o rostro e o carácter de Deus. Urxe liberar Deus do dominio e a supremacía branca e recuperar o Deus que lava os pés e sanda e obra milagres desde o poder do comunitario. Redescubrir un Deus trinitario cuxa totalidade deita da multitude e a diversidade.

Esta espiritualidade antirracista brota máis que dos credos ou as doutrinas, do aire que respiran as persoas e as comunidades negras, dunha procura e descenso cara aos relatos e mitos que as sosteñen, da atención a canto sucede, da fidelidade para observar o divino en todas as cousas. Trátase

dunha espiritualidade centrada na atención sacra aos signos de resistencia onde a vida se renova con forza no medio da inxustiza e a violencia. É unha espiritualidade profundamente arraigada nos corpos, na terra e na comunidade porque non podemos sobrevivir se non é desde os vínculos e o feito de nos sentirmos formando parte de algo, sen comprender que somos un pequeno retrouso nunha cacofonía sacra.

Ao longo de 12 capítulos centrados en relatos dos seus devanceiros e devanceiras pasados pola profundidade do corazón, a autora introdúcenos nunha aventura espiritual tecida no cotián que nos abre a novas comprensións e vivencias de palabras como dignidade, lugar, asombro, chamada, pertenza, medo, queixume, xustiza, reparación, repouso, alegría, memoria e liberación.

En definitiva, unha lectura moi recomendable para quen desexa ampliar perspectivas na comprensión e a vivencia dunha espiritualidade da resistencia desde o antirracismo e a forza do comunitario.

Pepa Torres Pérez
Teóloga